

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 10 DE XUÑO DE 2015

No municipio de Silleda, o 10 de xuño de 2015, ás 13:04 horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde da Corporación, D. Manuel Cuíña Fernández, reúnen no salón de sesións da casa consistorial os señores concelleiros expresados á marxe, co obxecto de cumprir o disposto no artigo 36.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, no que se dispón que se reunirán o terceiro día

ASISTENTES

Alcalde

D.Manuel Cuíña Fernández

Concelleiros

D. Klaus Brey Montaña.

Dna. Dolores García Troitiño

Dna. Margarita Campos Espiño

Dna. M^a del Pilar Peón Iglesias

D. Luis Rodríguez Vázquez

Dna. M^a Jesús Penela Mato

D. José Antonio Ramos Dobarro

D. José Luis Espiño Espantoso

Dna. Marta López Arines

D. Luis Juan Arceo López

D. Manuel Asorey Suárez

D. Matías Rodríguez da Torre

SECRETARIA

María Cacharro López

INTERVENTOR

Manuel Quintáns Queiruga

anterior ao sinalado pola lexislación electoral para a sesión constitutiva do concello os concelleiros cesantes nunha sesión convocada para o único efecto de aprobar as actas das sesións anteriores que teñan pendente este trámite.

Despois de realizar a convocatoria coa antelación regulamentaria establecida no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e unha vez aberta a sesión pola presidencia, procédese ao estudo dos asuntos que se deben tratar de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

PRIMEIRO. Aprobación das actas das seguintes sesións:

Sesións ordinarias do 2 de febreiro e do 26 de marzo de 2015

Sesións extraordinarias do 27 de abril e do 12 de maio de 2015

O Sr. Alcalde pregúntalles aos señores concelleiros se desexan realizar algunha observación sobre as actas das sesións anteriores que quedan pendentes

de aprobar.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez da Torre para reiterar que segue sen recollerse nas actas o espírito dos debates das mocións. Cita en concreto as tratadas na sesión do 26 de marzo. Tamén en relación con esta sesión fai constar que, segundo lembra, no punto relativo ás obras xunto ao Castro de Cortegada, as intervencións do voceiro do grupo do PP e do secretario municipal producíronse despois de que el fora expulsado, e non antes, que é como aparecen reflectidas na

acta. Por isto, solicita que se comprobe da gravación da sesión e se corrixa no caso de ser como el di.

Coas ditas observacións, quedan aprobadas as ditas actas.

Non hai máis asuntos que tratar na orde do día, así que o Sr. Alcalde remata a sesión ás 13:09 horas e agradécelles aos señores concelleiros a súa participación na xestión municipal durante o presente mandato. Fai especial mención dos que non continuarán na Corporación, sinalando que malia as discrepancias por razóns políticas, a nivel persoal foi un pracer traballar con eles.

Para que conste para os efectos do expediente correspondente, emito esta acta co visto e prace do Sr. Alcalde, en Silleda, o 10 de xuño de 2015.

V. e pr.
O Alcalde

Manuel Cuíña Fernández



A Secretaría

María Cacharro López



Dilixencia para facer constar que, unha vez escoitada a gravación da sesión do 26 de marzo de 2015, compróbase que, efectivamente, as manifestacións do voceiro do grupo municipal do PP e do secretario municipal producíronse logo da expulsión do Sr. Rodríguez da Torre, polo que debe entenderse aprobada a acta correspondente con esta corrección.

Silleda, 10 de xuño de 2015

A Secretaría

María Cacharro López

